

# Responsabilidade civil

## Definición

A responsabilidade civil é aquela obriga consistente en reparar o dano ilexítimo causado nos bens ou nas persoas como consecuencia dun comportamento propio ou alleo.

## Situacións

Ímonos centrar nas lesións producidas na persoa ou nos bens do alumnado. Cando estes sufran un dano, o profesorado pode atoparse na situación de que se lle reclame unha reparación.

Se a reclamación se dirixe por vía penal hai que demostrar que se cometeu un delito ou unha falta tipificados no Código Penal, e no caso de que haxa sentenza condenatoria, a persoa inculpada responde directamente e a Administración subsidiariamente. Se non se opta pola reclamación en vía penal (o que será sempre o desexábel e para o que deberemos convencer os pais), os pais ou representantes legais do alumado deberán dirixir a súa reclamación á Administración educativa directamente e antes de que transcorra un ano desde o evento danoso.

## Actuacións

É fundamental explicarlles aos pais que hai un procedemento regulamentado para exixir responsabilidade directa á Administración por danos e que, no caso de esta non dea satisfacción, poden acudir a un procedemento contencioso-administrativo, evitando o recurso á vía penal na que habería que demostrar a comisión dun delito ou dunha falta por parte do profesorado.

De todos os xeitos é necesario, para ter o máximo de garantías, que se respecten na súa totalidade as prescricións contempladas nos Regulamentos dos Centros no referente á realización de actividades complementarias e extraescolares, vixilancia, normas de réxime interior e plano de autoprotección dos Centros xa que cabería a posibilidade de que se a Administración indemniza ás persoas lesionadas puidesen reclamar (logo de instruír un expediente) o pagado ao persoal ao seu servizo que tivese incorrido en culpa ou negligencia grave. Decatémonos que cumprindo estes requisitos vai ser practicamente imposible que se poida imputar ao profesorado unha actuación imprudente ou negligente.

O Centro debe ter unha copia da cartilla da Seguridade Social ou equivalente na que

está integrado o seu alumnado. En secundaria existe tamén o seguro escolar. En caso de accidente deberán tomarase todas as medidas precisas para unha asistencia médica e profesional que evite consecuencias prexudiciais derivadas dunha atención serodia. Non ten ningún sentido contratar seguros privados posto que xa hai cobertura sanitaria a través dos sistemas de protección dos pais ou do seguro escolar.

A Xunta de Galiza ten cuberta unha póliza de responsabilidade civil para o seu persoal e sempre que se produza calquera incidencia que presente indicios razoábeis de que poda dar lugar a unha futura reclamación deberá comunicarse á Delegación provincial e á Asesoría xurídica da Consellería Educación e ao Servizo de Xestión de riscos e seguros da Secretaria xeral e do patrimonio da Consellería de Economía e Facenda antes dos 7 días do evento. No caso de citación xudicial, comunicación antes das corenta e oito horas.



**Normativa:**

Artigos 1902 e 1903 do Código Civil.

Capítulo II do Título VIII da Lei 30/1992 de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Manual de actuación para reclamacións por danos a terceiros da Consellería de Economía e Facenda.